

A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA: NORMALIZACIÓN E NORMATIVIZACIÓN.

A normalización lingüística.

Ante unha situación de conflito lingüístico, na que as funcións sociais das linguas en contacto están reorganizándose en favor da lingua en expansión (dominante) existen tres posibles saídas:

- Que a lingua dominante acabe por substituír á lingua propia en todos os ámbitos gradualmente. De culminarse este proceso supón a desaparición da lingua minorizada.
- Que se manteña a situación de conflito lingüístico no que as linguas viven nunha situación de diglosia, cunha lingua A para os usos de máis prestixio (administración, ámbito laboral, educación, xustiza, Igrexa...) e unha lingua B para o ámbito familiar e coloquial.
- A normalización da lingua minorizada, é dicir, a súa extensión parcial ou total aos ámbitos dos que fora afastada.

Así, a substitución e a normalización son dos procesos opostos, e da súa evolución depende a situación e o futuro das linguas implicadas. Calquera proceso de normalización dunha lingua persegue **dous obxectivos fundamentais: ampliar os seus ámbitos de uso e aumentar o número de falantes.**

Ademais, a normalización tamén persegue o **recoñecemento legal** da lingua en cuestión, así como o compromiso dos poderes públicos, para protexela e promover o seu uso.

O sistema educativo é o principal instrumento dos gobernos no proceso de normalización dunha lingua, posto que o primeiro paso é dotar á cidadanía da competencia lingüística necesaria, que é precisa para a xeneralización do seu uso. Por outra parte, a presenza no ensino contribúe a aumentar o prestixio social das linguas algo fundamental para a súa revitalización, mais malia ser un paso necesario non é suficiente.

Cómpre así, promover o seu uso noutros ámbitos de prestixio como:


- A administración pública.
- A literatura.
- O ocio (videoxogos, música, cine, deporte...)
- As redes sociais.
- Os medios de comunicación de masas (prensa, radio, televisión, internet).

A normativización.

Para estender unha lingua minorizada a todos os ámbitos da sociedade, precisa recursos para ser utilizadas nesas novas funcións, é dicir, dotala dunha variedade estándar que sirva como medio de expresión común nos usos formais e escritos (medios, ensino, administración...). Será esta variante a que aprendan os novos falantes (neofalantes) e os que se acheguen a ela como lingua estranxeira. Será preciso tamén actualizar o vocabulario ás novas necesidades. Por exemplo, se unha lingua nunca foi usada no ámbito da xustiza precisará un vocabulario específico do que ata o momento carecería.

Este proceso que é paralelo á normalización, denomínase **normativización**.

Así, xa que o proceso de normativización dunha lingua está estreitamente relacionado co de normalización, pois ambos se implican mutuamente, englobábase baixo a denominación de **planificación lingüística**. Como xa se explicaou antes, na normalización dunha lingua trátase de intervir sobre a situación social (planificación do status), pero, para acadar eses obxectivos resulta imprescindible tamén na estrutura interna da lingua (planificación do corpus).



Sen dúbida, o máis difícil no proceso de normalización é incidir nas prácticas lingüísticas espontáneas e coloquiais dos falantes. Hai que acceder a elas indirectamente, por medio de diferentes vías:

- Aumentando o prestixio social da lingua minorizada, a través da súa presenza nos ámbitos mencionados.
- Convertendo os seu coñecemento nunha necesidade, ao incluílo como mérito ou requisito para acceder ao mercado laboral.
- Apelando ao sentimento identitario dos grupos de falantes.

En todo o proceso resulta moi importante a colaboración das elites sociais, xa que os seus usos adoitan tomarse como modelos e, polo tanto, estenderse ao resto da sociedade.

En calquera caso, as medidas deben estar convenientemente planificadas e ter obxectivos claros, de aí a necesidade de elaborar plans de normalización lingüística organizados por ámbitos, con medidas concretas de actuación, e os axentes implicados nas súa implementación, o tempo e o investimento necesarios.

Exemplos de planificación lingüística.

- Intento de estender o suahili en Tanzania: desde 1967 a escolarización en educación primaria realizábase só nesta lingua, en lugar do inglés. Hoxe en día, a maioría da poboación fala suahili como segunda lingua, ademais das súas linguas vernáculos, que aprenden na familia, e o inglés que aprenden na escolarización secundaria.
- En Irlanda, cando se intentou recuperar o irlandés, o inglés xa cumpría todas as funcións comunicativas (o dominio do inglés remóntase ao século XVIII, e foi en ocasións moi represivo). Así, o irlandés, aínda que goza de status oficial, só funciona dende o punto de vista (só o 3% da poboación o utiliza)
- En Noruega, actualmente o idioma oficial é o noruegués, pero nos séculos XV e XVI ocupou este status o danés, que era a lingua das clases cultas e urbanas. Hoxe en día fálanse dúas linguas, coa mesma consideración legal e docente, o bokmal e o nynorsk.

- Bokmal: falado polo 80% da poboación, variedade de danés con influencia de noruegués na pronuncia e nalgúns mecanismos gramaticais. Chamada tamén a “lingua dos ricos”.
- Nynorsk: falado polo 20% da poboación. Chamada tamén a “lingua do campo”. Entre o sueco, o danés e as dúas normas de noruegués hai intercomprensión.

Calquera proceso de planificación dunha lingua responde a un obxectivo previamente establecido, no noso caso é **deter o proceso de substitución do galego polo castelán e recuperar a lingua propia de Galicia como lingua de uso cotián en todos os ámbitos.**

Despois dun período de tres séculos relegada ao ámbito familiar e coloquial, a lingua galega comezou o camiño da súa normalización no Rexurdimento, no século XIX, accedendo progresivamente a distintos espazos sociais. Cando no último cuarto do século XX lle foi recoñecido o carácter de lingua cooficial, comezou unha nova etapa do proceso normalizador, mais o galego xa era a lingua habitual das actividades culturais, políticas e sindicais en Galicia, e mesmo contaba con certa presenza, moi minoritaria, no ensino e nos medios de comunicación. Precisamente, o ámbito do ensino constituíu un dos eidos primordiais para a consecución da revitalización social do galego tras a recuperación da democracia en España, a partir de 1975. A inserción da lingua galega nas prácticas educativas foi unha condición necesaria para acadar a súa normalidade social.